

II.

Pico preferira non facer caso dos berros de detrás do escenario. Achacáraos a calquera pésimo efecto de son cos que aquel grupo de asasininos da música teimaban en castigar á escasa concorrencia. Unha das netas e o fillo maior dos Coelleiros foron comprobar que pasaba, e Pico nese intre non tivo equilibrio nin ganas para avisarlles que seguramente non era nada. O licor café empezara a facer efecto provocándolle un agradable desleixo, moi práctico para aturar o fracaso da festa. Todo cambiou, porén, co tipo chegando a tombos e abalanzándose sobre Nuno mentres este bailaba coa muller. Aí comprendeu de verdade que algo non marchaba ben. Aínda dando por bos cantos episodios previos puideran existir de rancores ou vinganzas, pois aquel Nuno en absoluto era do que se podería considerar xente respectable, era impensable unha reacción así. Aquel home saído de non se sabía onde estaba literalmente coméndose a dentadas ao seu veciño ante as horrorizadas miradas dos demais, causándolle unhas feridas que parecían surtidores e empapando de sangue aos que se achegaban a afastalo. En vez de aplacarse, revolvíase repartindo certas trabadas que viñan engadir novos chorros vermellos a aquel suceso espantoso, con lesións terribles naqueles defensores improvisados. Pico tamén se acercaba para axudar pero, previsor, preferira agarrar como posible defensa o máis consistente que atopara a man. Aquel tipo non afrouxaba. Pola contra, cada vez semellaba máis agresivo e fóra de si. Por outra banda, estaba por ver se realmente parecía un tío fero ou algo

diferente pois, se algo chegara a distinguir en todo aquel caos, era o seu aspecto tan estraño, extremadamente pálido e cuns ollos tan desorbitados e pouco comúns pero, sobre todo aquilo, destacaba a súa resistencia. O “alto” que soou ás súas costas deixou en suspenso as súas apreciacións. Paco, o cabo da Garda Civil, apuntaba ao agresor coa súa arma regulamentaria e Pico notou con alivio que no seu ollar había verdadeira determinación para usala. Repetiu a orde e o seu compañeiro secundouno con movementos inseguros pero apuntando tamén ao violento. “Por fin”, rosmou Pico para si, pero o tipo correu descontrolado cara onde chegara o requirimento sen inmutarse ante as balas que atravesaron as súas pernas e peito. Abalanzouse sobre Paco coa mesma voracidade e chegou a ver como lle arrincaba media cara co primeiro tirón das súas mandíbulas, sen inmutarse ante os tiros que a súa vítima xa lle disparaba a queimarroupa. Pico só pensou entón en parar aquel horror e descargou con todas as súas forzas o que collera, un dos tallos da cantina, sobre a cabeza daquel tolo. Non tiña esperanzas en conseguir paralo, malia o ruído insoportable a óso quebrado que fixo aquel cranio, pero, sorprendentemente, aquela besta quedou boca abaixo, inmóbil sobre o corpo da súa vítima. Todo parecía ter unha insoportable pátina de irrealidade, pero os berros e choros devolvéronlle á Terra. Nuno e Paco xacían mortos desangrados polas mutilacións máis salvaxes imaxinables e as sete persoas que acudiran a axudar revolvíanse no chan, agarrándose unhas feridas cun aspecto moi malo. A verbena quedaba definitivamente parada. Os alaridos impresionantes que por fin se escoitaron con nitidez tras do escenario unha vez silenciada por completo a orquestra indicáronlles o novo fronte desa noite maldita e alí correron Pico e os demais concorrentes aínda con suficiente

presenza de ánimo para atoparse coa segunda parte do espanto vivido uns segundos antes. Pico non era iso que se chama un home atlético, pola contra, era un adulto con sobrepeso e afectado dun cansazo perenne, pero chegou o primeiro para comprobar que estaba pasando tras aquel palco que uns patéticos minutos antes lle parecía o soporte dunha das súas maiores frustracións. O espectáculo era igual ou máis dantesco que o que acababa de contemplar, co fillo, ou, mellor dito, co que quedaba do fillo do Coelleiro nun charco de sangue e coa súa sobriña berrando e recuando ante o avance do que parecía un garda de seguridade mentres un tipo ataviado cunha bata branca moi luxada se aplicaba sobre a hippie do posto de artesanía no que nunha primeira impresión interpretou como unha reanimación cardiopulmonar pero que rapidamente rectificou ao borde mesmo do desmaio como a papatoria voraz das tripas e demais órganos brandos do tronco daquela desgraciada. De súpeto, o garda de seguridade decatouse dos novos presentes e abalanzouse a por eles como promesa dunha maior cantidade de comida. Pico recordou cun sentimento próximo á mágoa que non collera outro tallo para defenderse e que aquela mole duns cen quilos ía dar cabo del sen maiores problemas. Houbo entón un son de petardo e un case simultáneo burato vermello abríndose no medio da fronte daquel antigo vixilante e, logo, este caendo no que parecía unha insufrible cámara lenta. Ao carón de Pico, o axente da Garda Civil incorporado había un mes a aquel destino e que adoitaba ser obxecto continuo de bromas por parte de Paco a causa da súa condición de novato seguía coa súa pistola apuntando a aquel vulto, disposto a facer fogo de novo ao menor movemento. “Hai que disparar á cabeza”, fungou Pico, abraiado ante un descubrimento tan excepcional. O da bata tamén saltou cara eles e o axente

vooulle os miolos con outro certo tiro, propio dunhas prácticas recentes na Academia. “Ten razón”, asentiu o garda intentando amosar unha frialdade que o tremor da súa voz traizoaba. Os choros e xemidos da rapaza supervivente devolvéronlles á realidade. A neta dos Coelleiros agarrábase o brazo medio arrincado que non deixaba de sangrar, pero sobre a súa dor parecía dominar a histeria ante un suceso imposible que a ela lle tocara de cheo. O axente pediu a berros algo para facerlle un torniquete e Pico obedeceu.

Ela tivera un presentimento, e xa llo dixerá a Abilio, o moínante que gustaba de proclamarse como guitarra solista e manager do grupo pero finalmente un papón que non sabería negociar nin cun neno de tres anos e que sempre os deixaba coa sensación de clara perda de diñeiro fronte ao esforzo realizado. “Abilio, esas festas non nos conveñen”, recrimínalle, aínda que máis pensando nos moitos quilómetros por malas estradas logo de madrugada para chegar á sesión vermú dunha romaría a bastante distancia que por unha visión nimia dalgún suceso terrible, pero aquel parvo botáralle o seu sorriso de imbécil que el supoñía sedutor e rebatéralle cos cartos sacados a aquel pailán da Comisión de Festas coa, segundo el, perfecta escusa da súa contratación cun curto marxe de tempo e que viña a agochar a evidencia de que eran un dos grupos con menor axenda de actuacións da provincia malia os seus axustados presupostos, de ganga case. Coma sempre, ela acabara aceptando ante o recordo miserento de que actuaba coa única de todas as bandas, orquestras, grupos e charangas consultadas que a aceptaran como cantante solista pois, como tamén ela non podía deixar de esquecer, en todas agás esta nin sequera sopesaran a posibilidade de levala nos coros, mesmo de quedar co

seu número para unha substitución de última hora. Tamén como sempre, tivo a rutineira discusión con aquel cretino autonominado líder sobre a lonxitude do vestido da actuación, para rematar cedendo por non romperse máis a cabeza e colocándose o de brillos prateados que apenas tapaba as coxas pero que sempre era recibido con asubíos de admiración. Ela quería estrear un vestido longo de tea vaporosa que nin tivera a oportunidade de descolgar da súa percha e ao recordalo, triste na súa elegancia abandonada no armario da furgoneta, repetíase a si mesma a pregunta de por que toleraba todo aquilo. Cada día que pasaba se sentía máis como unha gogó ca coma unha cantante, apenas quedaba xente alí arriba aínda tratándose do Día Grande, e a que había miráballes con mala cara e, cando de esguello espreitara a aquela hippie desabotoándose o pantalón mentres corría atrás do escenario, comprendera con noxo que utilizaría aquel sitio agochado como retrete improvisado, pero tirara do seu mellor sorriso e continuara coa interpretación daquela canción de éxito. Ela seica foi das primeiras en escoitar os berros alí detrás pero non chegou a discriminar as chamadas de auxilio daquela infortunada cuxo único pecado fora ir mexar nun sitio afastado. Pola contra, distinguira perfectamente a aquel tipo que avanzaba con dificultade e desde o primeiro momento soubo que causaría problemas, aínda que o que non esperaba nin por asomo era aquela carnicería montada cun dos homes que estaban a bailar en parella e mais cos que o foron socorrer. Os seus compañeiros recolléranse asustados nunha esquina pero ela, non sabía como, notou que no seu interior espertaban as aptitudes durmidas e voluntariamente esquecidas uns cantos anos antes. Os cursos pasados na Escola de Enfermería de Santiago, aínda que na maior parte liquidados nos bares e festas de amigos ou coñecidos, parecían reclamar

acción así que, sen chegar a ser consciente da súa reacción, baixou dun chimpo daquela estrutura de metal e táboas e correu onde só uns segundos antes se desenvolvera o que ela identificara como o suceso máis espantoso que podería contemplar na súa vida. Os seus berros de “sei Primeiros Auxilios” foron un eficaz salvoconduto para chegar a carón dos feridos e dos cadáveres en poucas alancadas, pero axiña comprendeu o pouco que podía facer. As lesións era de tal natureza que só un experto moi ben equipado podía tentar sequera cortar as hemorraxias para levalos coa maior urxencia ao hospital máis próximo. Aínda así, non se deixou arredar e tras outro par de alaridos máis conseguiu establecer un plan de acción como chamar ao 061 pedindo ambulancias e acomodar a aqueles desgraciados nun sitio máis recollido. A autoridade da súa voz fixo que a xente aínda non vencida polo pánico obedecese sen dudar e, axudada por ese mando improvisado, ordenou meter aos feridos naquela igrexa parroquial, precisamente nun dos lados do torreiro e da que, aínda que non estaba o sacerdote (escapado do lugar ao minuto seguinte de rematar a misa do santo), si a súa limpadora coas imprescindibles chaves, quen tamén sabía onde conseguir os necesarios xogos de mantas e, sobre todo, unha sorprendentemente ben aprovisionada caixa de urxencias coa que aquela improvisada enfermeira podería practicar as primeiras curas. Ante o seu merecido liderado, os que se puxeron ás súas ordes preguntáronlle con amabilidade o nome para poderse dirixir a ela en condicións. O fallo conseguinte veu no “Bolboreta” contestado, e é que pese a toda aquela situación tan estraña, ela practicara unha vez máis o costume de dar o seu nome artístico nos lugares onde traballaba. Así, quedou obrigada a aguantar os “señorita Bolboreta” ou, peor aínda, “dona Bolboreta” empregados

respectuosamente por aquela xente para reclamarlle instrucións. De todos os xeitos, mellor ese grupiño de persoas pouco útiles pero de boa disposición que a manda de covardes que rapidamente correran aos seus coches e saíran liscando. Só querían fuxir a toda velocidade e por iso, o do todo camiño que entraba no torreiro tamén a bastante velocidade, tivo que pegarlle tal xiro ao volante para non chocar co primeiro, que foi dar ao buraco dun sumidoiro da beiravía, quedando unha roda dianteira alí enganchada, pero o causante do accidente nin se molestou en comprobar os danos nin o prexudicado fixo amago de reclamarllo. Pola contra, este saltou do asento con cara de espanto e correu cara ao Nissan da Garda Civil. A alcumada Bolboreta non chegou a ver a insólita reacción posterior, pois nese intre estaba ocupada multiplicándose por varias ensinando a poñer torniquetes, ordenando que tapasen aos mortos con algo, aplicando vendaxes compresivos e comprobando o estado da rapaza que o garda civil e mais o tipo que os contratara trouxeran case a rastro. Ao marxe de toda aquela catástrofe, sabía que algo marchaba moi mal. Aquela xente parecía estar enfermado por algunha causa allea ás lesións, por moi graves que estas fosen. A pobre rapaza ardía polo febre e, aínda que na sancristía onde improvisaran a sala de curas había unha luz bastante mala, decatábase de que a súa pel estaban adquirindo un aspecto moi pouco coherente co acontecido, extremadamente pálida e co que parecían uns derrames internos. “Onde está Carlos?”, rosmou entón aquela moza volvendo en si e, antes de que se puidese improvisarlle unha resposta piadosa, tateou “primeiro o flan e agora isto, e eran pantalóns de estrea” que quedaría como outro dos misterios sen resolver da noite. Tras boquexar un par de veces, expirou e morreu ao tempo que ao lonxe se escoitaba o ruído aterrador dun

accidente de tráfico. Parecía que os restantes feridos seguirían en pouco tempo o camiño daquela pobre rapaza, incluso os que tiñan as hemorraxias mellor controladas. Antes de cinco minutos, todos perderan o sentido, e aquela febre maldita ardía en todos e cada un deles, ante a impotencia dos voluntarios que tentaban axudar e o espanto dos que os acompañaban.

O supervivente e experto tirador da dotación da Garda Civil chamábase Daniel, tiña 26 anos e até ese día pensaba que dera no sitio máis soporífero do mundo e que lle tocaba patrullar co compañeiro máis prosa da historia. Hai que dicir que Daniel non era en absoluto un adicto á adrenalina desexoso dos destinos máis complicados nin das misións arriscadas. Pola contra, era un home moi tranquilo, apático incluso, que aínda que continuador da vocación do Corpo como os demais membros masculinos e algún feminino da súa familia, a súa única meta profesional era acceder a algún traballo administrativo de responsabilidade nunha unidade especializada. Aceptara así este destino como forma de ir gañando puntos, pero non contara coa vila extremadamente aburrida á que fora parar, un aburrimiento que incluso o levara a desexar a verbena onde lle sorprendera esa suceso e na que até o mesmo momento no que distinguiu ao tipo de andar raro se estaba dedicando a admirar as bonitas pernas da cantante da orquestra como o mellor espectáculo dos últimos meses.

Agora, no medio daquel caos de mortos, feridos e superviventes entolecidos polo pánico, esforzábase en aparentar a serenidade que nunca se vira obrigado a buscar no seu interior mentres tentaba recordar posibles consellos na academia ante situacións cun mínimo punto de similitude, pois o



que si tiña moi claro era que nunca xamais lle formularan algo así nas diversas simulacións e demais clases. Decidiu que o mellor era mandar aviso pola radio do coche ao cuartel e esperar as ordes pertinentes. Tardaron en contestarlle e cando por fin lle preguntaron que pasaba el dubidou sobre o que responder. “Caso de agresión mortal. Hai varios mortos e feridos. Envíen atención médica urxente e máis unidades”, conseguiu dicir por fin sen tremores na voz. Ante a pregunta da operadora, preferiu contestar exclusivamente a verdade, aínda que de entrada non o cresen, e o seu relato de caníbales co único punto feble da súa cabeza rematou sendo escoitado sen interrupcións nin cuestións capciosas, o que lle resultou moi estraño. “Tente controlar a situación, axiña subirán máis dotacións e os sanitarios”, despedíronse. Xusto ao pechar o coche foi abordado polo home que el lembraba como mandatario municipal dalgún tipo e ao que identificaba polo seu excelente automóbil, un todo camiño que deixara de calquera xeito na beiravía e que pola súa peculiar inclinación comprendeu aínda antes de revisalo que quedara cunha roda encaixada nun buraco, pero ao seu propietario parecía non importarlle esa situación. Pola contra, o seu único deveso era que fose a comprobar non sabía qué dun familiar morto e o seu coche. Antes de que puidese contestarlle resoou o enxordecedor estrondo dunha mole metálica petando noutra e Daniel deduciu que seica ese coche do que lle estaban a falar tiña algo que ver no accidente que seguramente acababa de pasar un pouco máis abaixo. Tras solicitar mellores indicacións, ordenou a aquel home que se puxese ás ordes da rapaza que estaba atendendo á xente e el subiu ao seu Nissan. Quería comprobar a situación pero, sobre todo, cambiar aínda que fose por uns minutos de

escenario, por moi terrible que o novo resultase, pois os accidentes de tráfico entraban polo menos nos seus parámetros de aguante.

O que interpretaba últimos metros até o lugar do suceso foron feitos a moi pouca velocidade. Aínda así, ao xirar a chamada *Curva da Fonte* case se incrusta co primeiro dos coches esnafrados e só o freo accionado ao máximo evitoulle o accidente.

Uns sete vehículos dos que estiveran no torreiro quedarán atrapados a causa do Ibiza referido polo home do todo camiño, bloqueando toda a estrada. O primeiro deles debera chocar con gran violencia, seguido dos demais, sometidos á inercia da súa velocidade de fuga. Porén, o máis insoportable de todo elo era a ausencia de condutores e ocupantes e é que, se ben no primeiro coche había un par de cadáveres, un sobre o volante e outro atravesado no parabrisas no que parecían consecuencias directas da colisión, os outros dous mortos atopados respectivamente no asento do copiloto dunha furgoneta e no chan a carón da porta aberta doutro Ibiza máis anticuado estaban no medio de charcos de sangue e pareceran sufrir importantes trabadas, ao igual que os feridos de arriba. Polo demais, non había rastro ningún de máis seres vivos por alí, agás os espantosos restos mutilados advertidos polo pedáneo, xa afastados da forma humana e ante os que se viu obrigado a conter as arcadas. O acontecido na verbena non parecía así un suceso illado e supuña algo aínda máis grave do que os seus escasos coñecementos lle permitían adiviñar. Chamou de novo desde a radio do coche, berrou incluso a aquel aparello que sempre manexara con desgana pero que neses intres lle parecía o único salvavidas para el e tamén para todos aqueles veciños que, comprendeu con pavor, deixara alá arriba abandonados á súa sorte, pero non obtivo ningún tipo

de resposta. Tentouno varias veces máis, sen resultados. Estaba pensando en mover o coche a unha zona con mellor recepción cando viu que o morto da furgoneta empezaba a moverse. Non só iso, púñase en pé e quedaba quieto. Pensou entón con alivio que se equivocara na comprobación das constantes vitais, e chamou a aquel home ataviado cun traxe pasado de moda, pero, ao xirarse este, comprobou a rentes do desmaio que tiña o mesmo aspecto que os atacantes da verbena. O que era peor, recoñeceu tamén a súa identidade porque precisamente fora dos únicos veciños dos que se quedara coa súa historia, pola tristura da mesma: Elodio, fillo dos Cabanas, un pobre home afectado dunha brutal psicose catatónica que lle eliminara toda vontade de movementos e ao que subiran a festa como era costume da súa familia, deixándoo no coche onde el o vira co seu ollar perdido e aquela extrema quietude tan inhumana. Pola contra, estaba correndo tamén a tombos cara a el co que parecían as peores intencións. O axente sacou a súa pistola e disparoulle á perna tras berrar “alto”, pero aquel veciño habitualmente caracterizado pola súa inmovilidade seguiu avanzando con determinación, arrastrando a perna atravesada sen vacilar. O segundo tiro entroulle con precisión polo espazo entre as súas poboadas cellas e xa o inmovilizou definitivamente, pero Daniel preferiu non quedarse a comprobalo. Debía regresar canto antes coa xente do torreiro. Cometera un gravísimo erro baixando a aquel lugar.

Se seguía tremendo acabaría descrocándose pola violencia das súas convulsións. Sabía que debía dar exemplo do liderado parroquial do que sempre gustara de presumir, pero, encollido nun recuncho daquela igrexa, Raúl

era o menos parecido a un dirixente arroutado. Ao seu medo infinito na Curva da Fonte viñera engadirse o espanto do atopado naquel torreiro. Tiña que liscar de alí, pero os restos desa vella vocación política que agora parecía tan remota o fixeran pasar á sancristía, tal e como se lle ordenara. Entrara precisamente no intre no que a noiva do seu sobriño expiraba, ante a frustración daquela rapaza tan guapa que a asistía e a inmensa dor da familia, incrédula aínda ante unha traxedia dun carácter tan excepcional. Fuxiu entón daquela estancia e sentou preto da entrada para que lle chegara mellor o aire que parecían evitar os seus pulmóns. Estaba tan horrorizado que quixo pechar os ollos con todas as súas forzas e convencerse a si mesmo de que se trataba dun simple pesadelo sufrido por unha cea copiosa, pero precisamente ese día tomara un simple vaso de leite con galletas e os fosfenos pola presión das pálpebras demostraban simplemente que estaba procurando non mirar. Para a súa desgraza, os seus oídos eran uns órganos menos disciplinados e procesaron sen censuras os berros e prantos consecuentes aos sucesivos falecementos que no prazo de dez minutos arrasaron con todos os feridos, incluso cos menos graves. Pensou que non podería soportalo e buscou un maior volume de aire fresco na porta da igrexa. O espectáculo desde alí non era mellor, o espantoso dos tres cadáveres tapados e o penoso da orquestra recollendo a toda présa para liscar de alí, seica sen ter en conta os esforzos da súa compañeira, que xa identificara como a valente moza de vestido escaso e determinación férrea da sancristía. Aqueles tipos de ridículos traxes de brillos parecían os famosos ratos que abandonan o barco, aínda que este fose unha simple aldea preto do cumio dunha montaña de escasa altura. Sen preocuparse das posibles molestias para os equipos de emerxencia do rescate

ou para a media ducia de morbosos cheos de curiosidade que aínda pululaban polo torreiro, chantaran a súa furgoneta no medio e medio e dedicábanse a meter nela o seu material. Se non fose polo absolutamente derrotado que se sentía, recriminaría unha actuación tan pouco solidaria. Aquel rapaz da mesa de mesturas dedicábase a recoller os cables a carón dos cadáveres sen a mínima mostra de respecto, enrolándoos do xeito máis expeditivo e arrastrándoos violentamente sobre as vellas sabas. Raúl conseguiu rosmar un “a ver se vas con máis coidado” que apenas se escoitou pero que refixo un pouco a súa autoestima. Por iso, desde ese minimamente recuperado ánimo puido comprender no acto que o movemento na saba que cubría ao axente morto en acto de servizo non era causado polo inexistente vento, nin por novas torpezas daquel operario, senón que o simple e aterrador motivo era que quen estaba debaixo parecía incorporarse.

O garda civil coñecido como Paco por aqueles veciños elevou o seu tronco cun único movemento, como se o activasen cunha panca, e sentado parecía comprobar onde estaba desde o único ollo que lle quedara ileso. Realmente, non era Paco. Aquela máscara cunha metade de cara e aceno fero non podía corresponderse en absoluto co home risoño e un pouco prosma que só unhas horas antes estaba no bar xogando a partida con Pico e uns cantos máis. O rapaz quedara petrificado ante aquilo, ao igual que Raúl e os poucos curiosos. De súpeto, Paco, ou quen antes era Paco, incorporouse nuns primeiros movementos dificultosos pero nun final de maior axilidade e tras outra nova mirada en derredor decatouse da presenza do operario, aínda paralizado polo asombro, á espera do seguinte, ao cabo, unha acción totalmente inesperada: quen non había tanto fora un simple garda civil de aldea, sen

maiores requirimentos físicos, lanzouse como un tigre por aquel membro do equipo técnico unipersonal da orquestra e só a maior axilidade deste permitiulle esquivar por milímetros o que xa sabía un abrazo de morte, acción rematada co resucitado rulando polo chan a causa do impulso mal administrado e un dos cables aínda sen recoller na súa traxectoria. O rapaz entón cometeu precisamente unha rapazada fatal confiando exclusivamente na súa forma física, así que, en vez de escapar, preferiu quedar por alí, en parte desorientado e en parte curioso ante o novo cariz de todo aquilo, desoíndo as indicacións e aínda os berros de Raúl, os seus compañeiros da orquestra e os curiosos en fuga que correran a refuxiarse na igrexa. O antigo membro da Benemérita caera sobre os cristais dunhas botellas rotas, cravándoos en todo o peito e amosando o aspecto dun ourizo de pesadelo ao erguerse, sen queixa ou aínda sinal de dor. O mozo dispúxose a liscar por fin pero, inesperadamente, tamén foi dar con todo o seu corpo ao chan. Quen en vida era coñecido por Nuno agarráralo polos nocellos facéndolle perder o equilibrio. Debía levar reanimado o mesmo tempo que o garda civil, pero pasara desapercibido por permanecer axeonllado, o que precisamente lle facilitara poder tombar ao único técnico da orquestra, posto que quedaba xa vacante pois o responsable do seu derribo lanzouse sobre el cunha velocidade inesperada. A pesar da inadecuada luz, os espectadores puideron ver horrorizados os chorros de sangue que subiron daquela altura, seica pola rotura dalgunha arteria fundamental. O en vida garda civil preferiu non compartir a presa que lle acabaran de pispar e buscou aos pobres que tentaban acubillarse tras o mostrador da cantina, paralizados polo pánico. Os tiros que resoaron acolléronse con maior ledicia que os foguetes da mañá. O

outro axente regresara disparando e grazas á súa bendita puntería alcanzara na caluga ao seu vello colega. Aquel público horrorizado non puido evitar romper en aplausos pero o ataque non rematara e Nuno pareceu perder interese no técnico de son para lanzarse contra quen acababa de eliminar ao seu compañeiro de cacería. O garda civil volveu disparar pero errou no seu tiro e simplemente rozou unha orella ao seu atacante, o que permitiu a este avanzar uns metros preciosos pois nin afrouxara a súa marcha aínda que a bala levara por diante a maior parte do lóbulo. Conseguiu lanzarse sobre o seu tirador e ambos rodaron polo chan mentres a pistola caeu ao lado contrario. O axente conseguira taponarlle a boca co puño enfundado na súa luva regulamentaria anticortes e o neopreno da que estaba composta parecía conter as trabadas, pero era unha situación insostible. Con gran esforzo, conseguiu arredalo uns metros e revolveuse buscando a súa arma, sen atopala. O tiro que se escoitou veu indicar onde fora a parar. Lucho, o camareiro máis torpe de toda a hostalería da provincia, viñera demostrar por unha vez que en ocasións podía ser de reaccións veloces, e toda a rapidez que lle faltara na atención da cantina concentrouse nos seus movementos de saír tras do mostrador, recoller a pistola e pegar un tiro case a queimarroupa na fronte daquel agresor invencible. O axente apartou a aquel dobremente morto cadáver de enriba dun tirón cargado de noxo e, rosmando unhas grazas nas que se adiviñaba a súa incomodidade, reclamou cun xesto a súa pistola a quen lle salvara a vida. Lucho non só lla devolveu senón que tamén lle tendeu a man para axudalo a erguerse, pero Raúl xa non puido ser testemuña desa acción porque a conclusión que estoupou na súa cabeza fíxolle regresar correndo á sancristía.

O que fora improvisada enfermaría bulía ante o acontecemento imposible que voluntarios e achegados dos defuntos estaban a vivir, cos falecidos retornando á vida e incorporándose con diversos niveis de dificultade. Quen en vida lles tentaran axudar agora dispúñanse a botarlles unha man termando deles ou preocupándose polo seu estado, incluso correndo a abrazalos pero o “afastádevos deles” berrado por Raúl con todas as súas forzas detívoos en seco. “Liscade axiña”, insistiu ante o ollar de incredulidade daquela xente e aquela especie de gruñido dos redivivos. A señora encargada das chaves da igrexa preguntou ofendida a que se estaba a referir, e foi contestada coa reacción brutal da vítima que estivera atendendo, quen non era outra que Puri, a muller de Nuno, falecida nos seus brazos e que parecía pagar ese gran favor cunha agresividade que nin por asomo tivera nos seus cincuenta e nove sufridos anos de existencia. A súa primeira trabada levou medio pescozo da empregada eclesiástica e valeu como detonante da fuxida entolecida que aquelas persoas por fin emprenderon, esquivando a duras penas os ataques a dentadas e incluso coa axuda heroica do horas antes vil pedáneo, quen conseguiu tombar a quen era até ese día carteiro municipal grazas a un forte golpe de crucifixo, frustrando así o seu ataque á nora dos Coelleiros. Con todo, a sorte parecía estar da súa parte porque conseguiron escapar sen novas baixas e pechar a porta daquela estancia que xa intentaban traspasar aqueles monstros na súa persecución. Os máis espelidos determinaron poñer algún tipo de tope naquel acceso e os máis fortes conseguiron obturalo cun par de bancos da igrexa atravesados, pero os que quedaran dentro non deixaban de empuxar e golpear, polo que até o máis optimista sabía con seguridade que aquel arranxo non soportaría moito. O



garda civil entrou a tempo de axudar a colocar unha daquelas bancadas e foi el quen determinou que tiñan que pechase nalgunha casa preto do torreiro e esperar. “Vamos á miña”, determinou o Coelleiro, aínda sumido no seu horror. Parecía a solución ideal, pois era unha vivenda de planta alta e a poucos metros. Todos seguiron sen dudar, agás o garda civil quen cun “agora vou” regresou a coller algo ao seu coche e tentou de novo comunicarse pola radio. Os berros de todos os que esperaban xa no seu novo refuxio viñeron advertirle daqueles novos seres da corda dos encerrados na sancristía que se aproximaban por diversos puntos e suspiraron de alivio ao velo facer un sprint salvaxe que lle permitiu chegar a salvo cos demais. Cando o Coelleiro pechou a porta con tres voltas de chave, todos sen excepción tiveron a sensación de que en realidade quedaban apreixados.